



DATOS IDENTIFICATIVOS

Práctica Laboral e de Seguridade Social

Materia	Práctica Laboral e de Seguridade Social			
Código	O03M110V01204			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Ourense			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Prieto, Marta			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta Fernández Prol, Francisca Gutiñas Fernández, Pablo Mayo Martínez, Benjamín Méndez Robleda, Roque			
Correo-e	mfprieto@uvigo.es			
Web	http://http://masteravogacia.webs.uvigo.es http://faitic.uvigo.es/index.php/es/			
Descrición xeral	Estudo das institucións principais do Dereito do Traballo e da Seguridade Social desde a perspectiva da problemática práctica que supón o exercicio profesional da avogacía. Na análise dos contidos, partírase dos coñecementos teóricos que os licenciados e graduados en Dereito adquiriron no seu paso polo ensino universitario, e traballárase en Seminarios principalmente coa metodoloxía do caso seguindo todo o iter procesual ata a finalización do asunto, co fin de conseguir a adquisición polos alumnos das habilidades e aptitudes esenciais no usus fori.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de aprender de forma autónoma
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva
B3	Capacidade de argumentar e rebater ideas, aplicando un pensamento crítico e lóxico.
B4	Capacidade de traballar de forma autónoma con iniciativa
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
B6	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos especializados adquiridos no grao á realidade cambiante á que se enfrontan os avogados para evitar situacións de lesión, risco ou conflito en relación aos intereses encomendados ou o seu exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas e nas funcións de asesoramento.
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.

C4	Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber encontrar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdiccional.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
C13	Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
D1	Capacidade de síntese e análise.
D2	Capacidade de xestión da información.
D3	Capacidade de organizar e planificar.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento e comprensión das temáticas e litixios laborais e de Seguridade Social máis comúns	A2 A5 B1 D2
Destrezas no deseño de estratexias de defensa en litixios laborais e de Seguridade Social	A2 B2 B3 B4 B5 C1 C10 D1 D3
Destrezas no asesoramento en temáticas laborais e de Seguridade Social	A3 A4 B3 B6 C1 D2
Coñecemento das instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social	A2 C3 C4 C13
Habilidades de actuación ante las instancias judiciales y extrajudiciales competentes en litigios laborales y de Seguridade Social	A3 B2 B3 B4 B5 B6 C2 C3 C13 D1 D2 D3

Contidos

Tema	
Tema 1. A orde xurisdiccional social	1.1. Competencias da orde xurisdiccional social e delimitación competencial fronte a outras ordes da xurisdición. 1.2. Planta e regras de competencia funcional e territorial 1.3. Competencia xudicial internacional na orde social. 1.4. Desenvolvemento da actividade xurisdiccional. 1.5. O proceso laboral ordinario: fase preprocesual e desenvolvemento do proceso
Tema 2. Relación laboral. Contrato de traballo e modalidades de contratación	2.1. Distinción de figuras próximas. Valoración de indicios de dependencia e axenidade. 2.2. Referencia ás relacións laborais especiais. 2.3. Causas de temporalidade e fraude de lei. 2.4. Intermediación, fomento do emprego e relacións triangulares de traballo

Tema 3. Obrigas e dereitos laborais de empregador e traballador	<p>3.1. Remuneración: confección e interpretación de nómina e liquidación. Redacción de papeleta de conciliación por reclamación de cantidade (salarios). Elaboración de demanda por reclamación de cantidade (salarios). Proceso</p> <p>3.2. Tempo de traballo e descansos. Especial referencia ás vacacións.</p> <p>3.3. Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.</p> <p>3.4. Clasificación profesional.</p> <p>3.5. Mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo. Procesos</p> <p>3.6. Sancións. Despedimentos (remisión ao tema 4)</p> <p>3.7. Tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador.</p> <p>3.8. Prevención de riscos laborais. Responsabilidades por accidente de traballo ou enfermidade profesional (remisión ao tema 6).</p>
Tema 4. Vicisitudes da relación laboral. Especial referencia a empresas en crise	<p>4.1. Suspensión</p> <p>4.2. Mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo (remisión ao tema 3).</p> <p>4.3. Despedimento disciplinario: Confección e interpretación de liquidación e carta de despedimento. Consignación de indemnizacións. Redacción dunha papeleta de conciliación. Proceso de despedimento disciplinario e de impugnación de sancións. Reclamación ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento.</p> <p>4.4. Extinción por causas obxectivas e despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Confección e interpretación de liquidación e carta de despedimento. Expediente de regulación de emprego. Consignación de indemnizacións. Redacción dunha papeleta de conciliación.</p> <p>4.5. Resolución causal do contrato por vontade do traballador</p> <p>4.6. Empresas en crise: análise de sistemas de regulación de equipo. Sistemas de negociación e pacto entre representantes dos traballadores e empresarios. Empresas en concurso</p>
Tema 5. Negociación colectiva e representación. Liberdade sindical	<p>5.1. Proceso de conflito colectivo.</p> <p>5.2. Impugnación de convenios colectivos.</p> <p>5.3. Materia electoral</p> <p>5.4. Procesos en materia sindical: tutela da liberdade sindical, impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación.</p>
Tema 6. Seguridade Social	<p>6.1. Prestacións: asesoramento sobre a prestación procedente, realización de diagnóstico a longo prazo para os efectos de tomar a decisión correspondente. Redacción de escritos de reclamación previa. Procesos en materia de prestacións de Seguridade Social.</p> <p>6.2. Impugnación de actos de encadramento.</p> <p>6.3. Impugnación de altas médicas.</p> <p>6.4. Accidente de traballo ou enfermidade profesional. Recarga de prestacións e responsabilidade civil, administrativa e/ou penal.</p> <p>6.5. Melloras voluntarias.</p> <p>6.6. Aplicación dos Regulamentos comunitarios (CE) 883/2004, sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social e 987/2009, polo que se adoptan as normas de aplicación</p>
Tema 7. Recursos e execución de sentenza	<p>7.1. O sistema de recursos. Recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos. Recurso de suplicación. Recurso de casación. Casación para a unificación de doutrina. Remedios e recursos contra sentenzas firmes: audiencia ao demandado rebelde, nulidade de actuacións, erro xudicial, revisión de sentenzas, recurso de amparo.</p> <p>7.2. Execución de sentenza. Execución provisional e definitiva. Execucións monetarias con especial referencia á insolvencia empresarial e á intervención do FOGASA. Execucións con especialidades: execución de sentenzas firmes de despedimento; execución de sentenzas firmes fronte a entes públicos; execución provisional de sentenzas condenatorias en materia de Seguridade Social; execución provisional de sentenzas condenatorias recaídas noutros procesos.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	62	61	123
Probas de tipo test	1	37	38
Estudo de casos/análise de situacións	1	38	39

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Tras unha sucinta presentación teórica do tema, nos Seminarios realizaranse actividades enfocadas a analizar e resolver supostos prácticos sobre un tema específico, que permitirán afondar ou complementar os contidos de maior virtualidade práctica da materia

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Seminarios	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
------------	---

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminarios	Avalíase a participación do alumno nos Seminarios así como a súa preparación, segundo as indicacións previamente fornecidas polo docente. Resultados de aprendizaxe: Coñecemento e comprensión das temáticas e litixios laborais e de Seguridade Social máis comúns; destrezas no deseño de estratexias de defensa en litixios laborais e de Seguridade Social; destrezas no asesoramento en temáticas laborais e de Seguridade Social; coñecemento das instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social; habilidades de actuación ante as instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social.	20	A2 B1 C1 D1 A3 B2 C2 D2 A4 B3 C3 D3 A5 B4 C4 B5 C10 B6 C13
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Resultados de aprendizaxe: Coñecemento e comprensión das temáticas e litixios laborais e de Seguridade Social máis comúns; coñecemento das instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social.	30	A2 B1 C3 D2 A5 C4 C13
Estudo de casos/análise de situacións	Proba en que se expón unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc. Resultados de aprendizaxe: destrezas no deseño de estratexias de defensa en litixios laborais e de Seguridade Social; destrezas no asesoramento en temáticas laborais e de Seguridade Social; habilidades de actuación ante as instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social.	50	A2 B2 C1 D1 A3 B3 C2 D2 A4 B4 C3 D3 B5 C4 B6 C10 C13

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos/as poden optar en cada convocatoria entre dous sistemas de avaliación:

1. Sistema de avaliación continua
 2. Sistema de avaliación final
- (I) PRIMEIRA OPORTUNIDADE (MAIO)
- a) Sistema de avaliación continua

Para poder optar polo sistema de avaliación continua, o estudante deberá asistir, polo menos, a un 80% das clases. O sistema de avaliación continua consistirá en:

- 1.- A asistencia e participación activa nas clases presenciais, que representa o 20% da cualificación final.
- 2.- Realización dun exame, que representa o 80% da cualificación final.

O exame final constará de dous partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representará o 50% da cualificación final.

Para aprobar a materia, o alumno/a deberá obter unha cualificación mínima de 5 como media das notas resultantes dos tres tipos de probas de avaliación [participación activa, test e caso práctico], debendo obter unha cualificación non inferior a 3 na proba tipo test e no caso práctico. Se non obtén esa nota mínima de 3 nalgunha das partes, a súa cualificación final será de suspenso (máximo 4.9). Ademais, se nalgunha das tres partes [participación activa, test e caso práctico] obtivo unha nota inferior a 4, a súa cualificación final non poderá ser superior a 5.

A data e a hora do exame da primeira oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola comisión académica do máster para o presente curso académico.

b) Sistema de avaliación final

O estudante que non se someta ao sistema de avaliación continua ou que quede excluído do mesmo deberá realizar un exame final para aprobar a materia. Este exame representa o 100% de a cualificación da materia e constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.

- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representará o 50% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición das competencias da materia, nas mesmas condicións que o estudante que se acolleu ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 20% da cualificación final.

O alumno/a deberá obter unha cualificación mínima de cinco como nota media que resulte dos tres tipos de probas de avaliación []test, caso práctico e exposición e defensa pública do mesmo-, debendo obter unha cualificación non inferior a 3 en cada unha das partes. Se non obtén esa nota mínima de 3 nalgunha das partes, a súa cualificación final será de suspenso (máximo 4.9). Ademais, se nalgunha do tres partes obtivo unha nota inferior a 4, a súa cualificación final non poderá ser superior a 5.

A data e a hora do exame da primeira oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola comisión académica do máster para o presente curso académico.

(II) SEGUNDA OPORTUNIDADE (XUÑO/XULLO)

a) Sistema de avaliación continua

O estudante que se someteu ao sistema de avaliación continua conservará na segunda oportunidade a nota que obtivo por asistencia e participación, así como, no seu caso, a da parte do exame final que aprobouse na primeira oportunidade de exame. Nestes casos, deberá realizar no exame final unicamente a parte ou partes suspensas. O exame constará de dous partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representará o 50% da cualificación final.
- Para aprobar a materia, o alumno/a deberá obter unha cualificación mínima de 5 como media das notas resultantes dos tres tipos de probas de avaliación []participación activa, test e caso práctico-, debendo obter unha cualificación non inferior a 3 na proba tipo test e no caso práctico. Se non obtén esa nota mínima de 3 nalgunha das partes, a súa cualificación final será de suspenso (máximo 4.9). Ademais, se nalgunha do tres partes []participación activa, test e caso práctico- obtivo unha nota inferior a 4, a súa cualificación final non poderá ser superior a 5.

A data e a hora do exame da segunda oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola comisión académica do máster para o presente curso académico.

b) Sistema de avaliación final

O estudante que non se someteu ao sistema de avaliación continua ou que quedou excluído do mesmo deberá realizar un exame final para aprobar a materia. Este exame representa o 100% da cualificación da materia e constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representará o 50% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición das competencias da materia, nas mesmas condicións que o estudante que se acolleu ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 20% da cualificación final.

O alumno/a deberá obter unha cualificación de cinco ou superior como nota media que resulte dos tres tipos de probas de avaliación []test, caso práctico e exposición e defensa pública do mesmo-, debendo obter unha cualificación non inferior a 3 en cada unha das partes. Se non obtén esa nota mínima de 3 nalgunha das partes, a súa cualificación final será de suspenso (máximo 4.9). Ademais, se nalgunha do tres partes obtivo unha nota inferior a 4, a súa cualificación final non poderá ser superior a 5.

A data e a hora do exame da segunda oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola comisión académica do máster para o presente curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

PEDRAJAS MORENO, A., **Práctica Laboral para abogados**, última edición,

FRANCIS LEFEVRE, **Memento práctico social: derecho laboral, seguridad social**, última edición,

FRANCIS LEFEVRE, **Memento práctico de seguridad social**, última edición,

Westlaw,

ALONSO OLEA, M. y CASAS BAAMONDE, M^a E., Derecho del Trabajo, última edición, Thomson Civitas

CRUZ VILLALÓN, J., Compendio de Derecho del Trabajo, última edición, Tecnos

RAMÍREZ MARTÍNEZ, J. M., SALA FRANCO, T. y otros, Curso de Derecho del Trabajo, Tirant Lo Blanch, Valencia, última edición.

SALA FRANCO, T., ALBIOL MONTESINOS, I., Derecho Sindical, Tirant Lo Blanch, Valencia, última edición.

Blanch, Valencia, última edición.

VIDA SORIA, J., MONEREO PÉREZ, J.L., MOLINA NAVARRETE, C., QUESADA SEGURA, R., Manual de Seguridad Social, Tecnos, Madrid, última edición.

Legislación laboral y de Seguridad Social, última edición, Tecnos

Legislación Laboral y de Seguridad Social, Netbiblo, última edición.

Recomendacións
